

ORIENTACIÓNS PARA AS PROBAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II CURSO 2020-2021

Prezadas e prezados colegas:

Achegámosvos esta circular para, como nos cursos anteriores, facervos chegar instrucións e orientacións para as probas ABAU.

O primeiro que queremos facer é presentarnos. Este ano a directora do grupo de traballo son eu, a asinante, Rosa Pérez (a maioría de vós xa me coñece, creo) e a subdirectora é Marta García, tamén de da Universidade de Vigo, que xa leva uns anos colaborando con nós nas comisións delegadas e de avaliación. Este curso Joaquín Sueiro descansa, aínda que sigue colaborando co grupo.

Este ano **non haberá cambios** sobre o modelo de exame que se empregou o curso pasado. A estrutura será a mesma. Haberá só unha pequena modificación que explicaremos a continuación. Seguimos en situación de excepcionalidade e non se nos permite aínda voltar ao modelo de exame previo á pandemia. Polo tanto, como xa indicamos na última circular:

1. Non hai opción A e B, senón un único exame con 8 preguntas das que poderán responder (combinadas como estimen oportuno) ata un máximo de 5. Todas as preguntas terán un valor de 2 puntos.
2. Haberán de escoller preguntas e non apartados de preguntas. Polo tanto, non poderán responder á cuestión 1.1. máis a 3.1., por exemplo, senón ás preguntas 1 e/ou 3.
3. A pregunta 1 terá dous apartados: 1.1. versará sobre resumo ou esquema do texto e o 1.2. será una cuestión de lingua. Por que esta combinación? Pareceunos excesivo darlle 2 puntos ao resumo e xa sinalamos que non íamos preguntar sobre significados de palabras ou expresións.
4. A pregunta 2 será o comentario crítico do texto.
5. As preguntas 3 e 4 sobre cuestións de lingua ou gramática poden constar dun ou de dous apartados. Ollo: pode haber preguntas sobre cuestións sinxelas de corrección de erros ou desviacións da norma. Que non figuren no modelo non as descarta.
6. As preguntas 5 e 6 serán sobre as obras lidas con texto de apoio.

A novidade con respecto ao exame do curso pasado será que

7. As preguntas 7 e 8 sobre a Historia da Literatura volverán levar textos de apoio. É importante recuperar eses textos, como, de feito, un número importante de correctoras e correctores sinalaron nas súas valoracións da proba, para, como todas e todos queremos, fuxir da aprendizaxe memorística e impulsar ao alumnado á lectura comprensiva. Non cremos que a inclusión deses textos ralentice significativamente o proceso de escolla de preguntas por parte do alumnado.

As orientacións para abordar as diferentes preguntas son as mesmas que xa figuraban nas circulares dos cursos anteriores. Permitímonos recordárvolas.

RESUMO/ESQUEMA, COMENTARIO E PREGUNTAS DE LINGUA

Segue a ser practicamente unánime a preocupación polas dificultades de expresión de moitos alumnos e alumnas. A expresión nos temas aprendidos memoristicamente (os de literatura) contrasta coa empregada no comentario crítico ou no resumo, maioritariamente moi deficiente.

É **perentorio e urxente** traballar a expresión escrita do estudantado. Traballar a súa riqueza léxica, o emprego de rexistros, a construción sintáctica, o réxime verbal e as preposicións, etc. Parece moi necesario realizar todos os exercicios (de norma e uso, de lectura comprensiva, de escritura creativa, etc.) que consideredes que melloren a competencia escrita e lectora das nosas e nosos estudantes.

É moi necesario que o alumnado traballe os comentarios e os resumos. Que aprenda a ler comprensivamente os textos, que consiga sintetizar as ideas fundamentais e aprenda a comentalas sen repetir o texto limitándose a dicir que está de acordo co defendido polo autor/a.

Sobre o resumo e o esquema

O propósito é ou ben que o alumnado demostre a súa capacidade de síntese producindo un novo texto que reduza a información contida no fragmento sen afectar ao contido global (resumo) ou ben, se o prefire, que demostre a súa capacidade de análise extraendo e xerarquizando as ideas principais (esquema). A través da lectura tanto do resumo como do esquema, alguén que non lese o texto debería poder saber de que trata e cales son as ideas principais. O resumo non debe conter valoracións, opinións ou ideas propias que non procedan do texto. Aplicaranse ademais penalizacións por non axustarse ás condicións básicas dun resumo: por non plasmar con expresión propia as ideas do texto descontarase ata a metade da puntuación (non é aceptable copiar literalmente fragmentos ou parágrafos do texto); cando a extensión resulte impropia dun resumo poderase descontar tamén ata medio punto. Sobre a extensión, non parece apropiado sinalar un número de palabras, pero o tamaño do resumo debería oscilar entre un terzo e un cuarto da extensión do texto que se resume.

O esquema deberá ordenar as ideas e xerarquizarlas, incluíndo as principais e as secundarias. Empregaranse esquemas nominais e non oracionais para cada un dos epígrafes. Aplicaranse tamén penalizacións por non axustarse ás condicións básicas dun esquema: por non concretar axeitadamente as ideas poderase descontar ata medio punto; o mesmo por non relacionalas axeitadamente.

Sobre o comentario

A meta é comprobar se o alumnado comprende o contido do texto, se é quen de expresar a confrontación das súas propias ideas coas defendidas no texto e se é quen de extraer conclusións razoadas desta confrontación. En consecuencia, unha paráfrase coherente do texto poderá cualificarse cun máximo de 0.75 puntos; se a alumna ou o alumno é quen de argumentar razoadamente o seu acordo ou desacordo coas ideas sostidas no texto e mesmo transferir o seu contido a outras realidades, poderá recibir a puntuación máxima. (2 puntos).

Repetimos aquí as orientacións sobre o comentario dirixidas ao alumnado, xa presentes en circulares anteriores:

1. Deberás tratar de convencer con argumentos e contraargumentos.
2. Deberás organizar o teu texto debidamente; podes estruturalo en partes (sen indicalas) como, por exemplo, teses, argumentación e conclusión.
3. Deberás manexar os recursos lingüísticos axeitados: verbos de pensamento, de dúbida, adverbios e conectores que faciliten a exposición de argumentos, fórmulas que impliquen ao receptor, etc.
4. Valoraremos a corrección e a adecuación da linguaxe ao que se solicita, preferindo sempre a sinxeleza aos tópicos e ás fórmulas de recheo.
5. Deberías ser quen de detectar os criterios nos que se basea o autor para defender o que di.
6. Deberías ser capaz de engadir exemplos que ilustren os teus argumentos ou contraargumentos e de chegar a conclusións, aínda que sexan provisionais.
7. Non se trata de realizar unha análise formal do texto, aínda que poderás referirte a algún trazo formal se estimas que contribúe a reforzar a túa argumentación.
8. Penalizaremos o feito de repetires o texto, que digas obviedades, que empregues frases ocas ou insubstanciais, rexistros coloquiais ou que cometas erros de expresión ou ortográficos. Insistimos en que non preguntamos por tipoloxía textual nin por trazos formais do texto. Trátase de comentar criticamente o contido. Non se recomenda repetir datos externos que figuran no propio texto (“el texto fue escrito por tal autora o autor y publicado en tal fecha en tal periódico...”).
9. A extensión aproximada do comentario estará entre 30 e 50 liñas.

Sobre as preguntas de lingua

Continuaremos con preguntas de identificación de unidades e, sobre todo, de creación de pequenos textos e con preguntas de corrección de erros. A petición dalgún colega, facilitamos un modelo desta última pregunta correctamente respondido.

As preguntas, como figura en anteriores circulares, estarán relacionadas cos seguintes contidos:

- 1) Coñecemento das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.
- 2) Identificación e uso das diferentes clases de palabras.
- 3) Identificación e emprego axeitado das diferentes formas verbais e das diferentes formas de perífrases verbais.
- 4) Identificación e emprego das diferentes clases de sintagmas ou frases, dos seus constituíntes e das diferentes funcións que poidan exercer nas cláusulas ou oracións.
- 5) Identificación e uso das diferentes funcións primarias de cláusula ou oración (suxeito, predicado, etc.).
- 6) Identificación e uso das diferentes relacións existentes entre estruturas sintácticas.
- 7) Coñecemento das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico e campo semántico, mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos, etc.).
- 8) Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados.

Exemplo:

Reescriba las siguientes frases, explicando los cambios, de manera que no quede en ellas ninguna incorrección.

- a) Hubieron algunos problemas porque llegaron demasiado tarde.
- b) Me he enterado que mañana no tendréis tanto tiempo para prepararos.
- c) Sabiais perfectamente que no querían llegar a un acuerdo con quienes les habían traicionado.

- d) El problema se reprodució una y otra vez hasta que llegastes tu.
- a) *Hubo* algunos problemas porque llegaron demasiado tarde. (Verbo *haber* impersonal. Se podría añadir: *Problemas* no es el sujeto).
- b) Me *he enterado de que* mañana no tendréis tanto tiempo para prepararos. (Error en el régimen preposicional del verbo: *enterarse de que*).
- c) *Sabíais* que no querían llegar a un acuerdo con quienes *los* habían traicionado. (Tilde en *sabíais* que marca el hiato y leísmo en el OD/CD de *habían traicionado*).
- d) El problema se *reprodujo* una y otra vez hasta que *llegaste tú* (*reprodujo*, verbo irregular; *llegaste*, quizá interferencia con la morfología verbal galega; *tú*, falta la tilde diacrítica en el pronombre personal de 2ª persona).

Insístese no seguinte: 1) NON se pedirá unha análise sintáctica formal. 2) NON se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación de elementos. 3) Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia a un texto, como antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, etc., pero non se pedirá unha análise dos mecanismos de cohesión dun texto determinado (aínda que se valorará o seu uso no comentario de texto). 4. As preguntas NON serán teóricas; non se tratará de reproducir teoría gramatical ou trazos das variedades aprendidos memoristicamente, senón, como dicimos, de identificar ou empregar unidades lingüísticas.

LITERATURA

Sobre a obra lida

As obras de lectura obrigatoria son as mesmas que o curso pasado:

La Fundación, de Antonio Buero Vallejo
Crónica de una muerte anunciada, de Gabriel García Márquez
Romancero gitano, de Federico García Lorca
El lector de Julio Verne, de Almudena Grandes

Igual que o ano pasado, no que respecta ás obras de lectura obrigatoria, co apoio dun pequeno fragmento (que estará identificado), as preguntas versarán sobre características, temas, personaxes, etc., da obra. Estas preguntas tipo sobre cada obra seguen a ser as mesmas:

Sobre *Romancero gitano*:

1. Temas.
2. Estrutura externa e interna.
3. Compoñentes simbólicos e míticos.
4. Rasgos formais: entre tradición e innovación.

Sobre *El lector de Julio Verne*:

1. Temas da novela.
2. Análise de personaxes.
3. Tempo e espazo.
4. Estrutura e punto de vista narrativo.

Sobre *La Fundación*:

1. Técnicas e recursos dramáticos.
2. Análise de personaxes.
3. Argumento e temas fundamentais.
4. Lugar, tempo e acción.

Sobre *Crónica de una muerte anunciada*:

1. A técnica do realismo máxico.
2. Temas: o honor, o amor e o *fatum*.
3. O perspectivismo como técnica narrativa.
4. Análise de personaxes.

Insistimos en que os fragmentos seleccionados serán sempre moi significativos. Non se pretende sorprender ao alumnado, senón potenciar a lectura reflexiva das obras. O alumnado deberá responder a pregunta baseándose no fragmento, que localizará na estrutura interna (que aconteceu antes e que despois do fragmento) ou externa (capítulo, título, cadro ou romance) da obra. A resposta non deberá iniciarse de modo abrupto, senón incluír unha pequena introdución.

Sobre a historia da literatura

As preguntas de historia da literatura constarán de dúas partes. Na primeira, as alumnas e alumnos deberán desenvolver, como en cursos pasados, un dos dez temas teóricos propostos:

1. O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e Delmira Agustini.
2. A novela na xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.
3. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.
4. Evolución e características xerais da xeración do 27 a través dalgúns dos principais autores e autoras: Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda e Las Sinsombrero.
5. O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán.
6. A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e Gloria Fuertes.
7. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Delibes, Camilo José Cela, Carmen Laforet e Luis Martín Santos.
8. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro.
9. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa.
10. A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. Principais tendencias: Almudena Grandes, Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero.

Na segunda, terán que aplicar a un texto algún aspecto da pregunta. Non se trata dun comentario de textos literario á maneira tradicional, senón dunha pregunta curta e concreta que busca comprobar que o alumnado sabe distinguir nun texto aquelas características xerais dun período ou dun autor que estudou na teoría. Para responder a esta segunda parte, non se requirirán outros coñecementos que os que xa se esixían o ano pasado. Tampouco dependerá a resposta de ter visto o texto na clase ou non. Se o estudante domina os contidos teóricos, saberá responder a pregunta práctica independentemente de se coñece o texto ou non. As preguntas serán do tipo: “Identifica

tres trazos formais ou temáticos definatorios dun movemento literario, dunha xeración ou dun autor/a”. Os textos escollidos estarán entre os máis coñecidos dos seus autores e as obras ás que pertencen serán representativas de movementos xerais ou de períodos ben claros da obra dun autor.

Recordade que, como xa fixemos o curso pasado, cando se pregunte un tema que mencione a varios autores, pediráselles que desenvolvan unicamente o que se refira a **un/unha autor/a**. Haberán de estudar os temas completos, pero so responderán unha parte. Terán, por exemplo, que responder ao enunciado “os trazos do modernismo”, pero dos dous autores estudiados, só se referirán á autora ou autor solicitados.

Por exemplo (poñemos agora un autor, pero obviamente poderá preguntárselles por outro):

1. El Modernismo. Características generales a través de la figura de Delmira Agustini.
2. La novela en la Generación del 98. La trayectoria literaria de Pío Baroja.
3. La trayectoria poética de Antonio Machado
4. Evolución y características generales de la generación del 27. Trayectoria literaria de Pedro Salinas. (*)
5. El teatro español anterior a la Guerra Civil. El teatro de Valle Inclán.
6. La poesía española en las tres décadas posteriores a la Guerra Civil: la trayectoria literaria de Blas de Otero.
7. La novela española en las tres décadas posteriores a la Guerra Civil: Miguel Delibes.
8. La figura de Buero Vallejo. La renovación del teatro.
9. La narrativa hispanoamericana de la segunda mitad del S. XX. El boom de la narrativa. La trayectoria literaria de Vargas Llosa.
10. La narrativa peninsular (**) desde 1975 hasta nuestros días. Principales tendencias. La trayectoria literaria de Almudena Grandes.

(*) No que se refire ás escritoras incluídas no Grupo Las Sinsombrero, non preguntaremos pola súa traxectoria literaria nin en conxunto nin de xeito individual. O alumnado deberá incluílas nas características xerais da Xeración destacando o seu papel e o seu legado artístico.

(**) Con respecto ao termo peninsular, debemos aclarar que, atendendo aos contidos do currículo, neste contexto oponse a “hispanoamericano”. Non se trata, por tanto, dun termo empregado nun sentido estritamente xeográfico.

IMPORTANTE: Nas probas, NON deben contarnos as vidas dos escritores.

Entendemos que como práctica docente sexa necesario resaltar a peripecia vital do escritor, pero non deben incorporala nas respostas. É frecuente ler nos exames a vida de Leonor, a diferenza de idade con relación a Machado, a súa enfermidade, etc., etc., ou longas e reiteradas alusións ao carácter (mal carácter) de Pío Baroja, por exemplo. É preciso que os axudeades a distinguir o importante do anecdótico e a eliminar isto último das respostas de exame.

Recoméndase que respondan primeiro á parte teórica da pregunta (1.5 puntos) e logo á referida ao fragmento (0.5).

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de mantermos permanente contacto cos docentes da materia. O noso correo electrónico permanece á vosa disposición: abalinguacastelaeliteratura@gmail.com
2. Non mantemos correspondencia coas alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ás/aos docentes dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou ás/aos docentes do centro no que se matricula para as probas.
3. Tampouco atendemos nin respondemos a correos anónimos aínda que afirmen seren docentes de 2º de bacharelato. Tampouco mantemos correspondencia con aqueles/as colegas que non garden as mínimas normas de educación e cortesía académica (correos, afortunadamente, minoritarios).

Outubro de 2020.

Rosa Pérez

Universidade de Vigo

Directora do Grupo de Traballo de Lingua Castelá e Literatura

abalinguacastelaeliteratura@gmail.com